

‘Quitamiedos’, Kulunka Teatro (Euskadi)



# PROGRAMACIÓN DE GALICIA



GALICIA

## O Itinerario Constelacións

- Ver actividades relacionadas cos espectáculos no Camiño Expandido.
- Entrada de balde para todas as funcións. A información sobre o acceso e capacidade dos espazos, con atención aos protocolos especiais COVID-19, en [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com).

### *Quitamiedos,*

de Iñaki Rikarte

→ Kulunka Teatro (Euskadi)



Público adulto



Domingo 13 de setembro. 18:00 h

➤ Salón Teatro, Santiago de Compostela



*Quitamiedos* expón que desde que unha persoa morre ata que o seu corpo arrefría e se funde coa temperatura ambiente, está a producirse un encontro: o do falecido co seu anxo da garda. A función ten a duración dese encontro, onde o tempo se mide en graos centígrados. Unha curva dunha estrada comarcal, cunha varanda rota despois dun accidente de tráfico, é o contexto para descubrir unha visión singular da morte, poética e desacralizada, e os datos dunha biografía (a do accidentado) cuxas pezas non acaban de encaixar na versión oficial do accidente. Todo isto para confrontar en clave de traxicomedia

a dous amantes -un ideal e outro humano- e reflexionar arredor do amor e as súas contradicións.

Esta é a cuarta creación de Kulunka Teatro, compañía que xirou por máis de 30 países recibindo ademais numerosos premios e candidaturas por cada un dos seus diferentes espectáculos e, entre eles, o Premio Ojo Crítico de Teatro que outorga RNE. Con *Quitamiedos* a compañía aspira a continuar na liña do compromiso co teatro contemporáneo.

### *Tal vez soñar,* de Sandro Cordero

→ Hilo Producciones (Cantabria)



Público adulto  
a partir de 15 anos



Sábado 19 de setembro. 20:00 h

➤ Praza da Catedral, Mondoñedo  
[Plan B en caso de mal tempo:  
Auditorio Municipal Pascual Veiga]  
Domingo 20 de setembro. 20:00 h

➤ Auditorio Municipal Gustavo Freire,  
Lugo



*Tal vez soñar* é unha lúdica exploración do universo feminino shakespeariano a través de tres das súas obras: *Hamlet*, *Otelo* e *O mercador de Venecia*; unha viaxe que terá tres guías transgresoras e vándalas: as bruxas de *Macbeth*. O teatro é, quizais,

a arte que máis reflicte a sociedade na que vive, unha sociedade que é historicamente machista. Como o era a sociedade na época do teatro isabelino, e como o é o teatro do maior dramaturgo de todos os tempos: William Shakespeare. Basten un par de exemplos: *Hamlet*, a mellor obra dramática xamais escrita, ten vinte e oito personaxes, dos cales tan só dous son mulleres. E certamente non saen ben paradas nos seus roles: Gertrud, de puro inocente e ignorante, é case parva; e Ofelia, cando o seu mozo a abandona (o príncipe Hamlet) non ten outro recurso que suicidarse...

### *La loka historia de Frankenstein,*

de Pep Vila, Anacelia Álvarez y Roca Suárez

→ ACAR Teatro del Mundo (Asturias)



Público infantil e familiar



Venres 25 de setembro. 17:30 h

➤ Auditorio Mpal. Hernán Naval, Ribadeo  
Domingo 4 de outubro. 18:00 h  
➤ Auditorio Municipal Carmen Estévez,  
Vilalba



Igor e Monstry chegan ao castelo da familia da doutora Frankenstein, despois dunha longa viaxe en busca dunha fórmula que devolva á doutora ao seu estado natural... Un espectáculo desopilante, tenro e inesperado, que gustará a todo o público e non vos deixará indiferentes.

## Amarillo caído del cielo.

La aventura del Pájaro Amarillo, de Juan Carlos Fernández Izquierdo

→ Ruido Interno (Cantabria)



Todos os públicos



Domingo 27 de setembro. 20:00 h

► Mosteiro de Sobrado dos Monxes (antiga sala capitular)



Hai 90 anos o Paxaro Amarelo despegou da praia de Old Orchard en Main, Estados Unidos, pilotado por Armand Lotti que, nun intento de chegar a París nun voo sen escalas, viuse obrigado a realizar por casualidade o Camiño do Norte pola costa en sentido inverso, entrando pola costa galega obrigado a realizar unha aterraxe forzosa na praia de Oyambre, Cantabria ao non chegar ao Aeródromo de Santander por falta de combustible.

## Celeste, de Chantal Franco e Patricia Toral

→ Luz, Micro y Punto (Asturias)



Público infantil e familiar



Sábado 10 de outubro. 18:00 h

► Capela da Madanela, Arzúa

Lapicera e Tijereta fabrican marionetas de sombras no seu taller onde hai un teatriño de madeira polo que entran e saen para dar vida á luz. Un día son sorprendidas pola chamada da deusa grega Eurínome e aquí empezan unha serie de historias de fantasía, aventura e amor sobre a mitoloxía grega: a cegadora creación do Universo, Pegaso cabalgando os ceos en busca de liberdade, a soidade do Minotauro pechado no labirinto, Penélope tecendo día e noite á espera do seu amado, e as frechas travesas do deus Eros.



## Basoa

→ Dantzaz (Euskadi)



Público adulto



Domingo 11 de outubro. 19:00 h

► Praza da Quintana, Santiago de Compostela  
[Plan B en caso de mal tempo:  
Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia]



O bosque *-basoa-*, que oculta, que cobre. Lugar máxico ou terrorífico. Como o bosque que quixo tapar e facer esquecer un momento da historia cheo de tráxicas referencias. Un campo de refuxiados, un campo de concentración... Gurs, enclave onde se amorearon e morreron centos de persoas. Un lugar próximo a nós xeograficamente e non tan afastado na historia. Gurs serve de punto de partida para unha reflexión sobre a mesma situación que

padecen hoxe miles de persoas refuxiadas que foxen das súas terras debido ás guerras e á pobreza. Gurs é a ponte que une pasado e presente. Josu Mujika (coreógrafo) e Iñaki Salvador (compositor) transitaron este camiño xuntos para crear esta emocionante peza, para contar o drama das persoas refuxiadas e a súa relación coa arte e a cultura. Xabier Sukia (escritor) achegou os seus textos para acompañar a coreografía, vestíndoa e enchéndoa de beleza. Por que, ata cando, por que...?



# O Camiño Expandido

- Actividades subvencionadas pola Deputación da Coruña.
- Actividades de balde agás no caso do encontro profesional *Habitación Peregrina PRO*.

## ENCUNTROS ONLINE CAMIÑO(A)CASA

**Cando?** De 20:00 a 21:00 h nas seguintes datas:

- Encontros coas compañías: Do luns 7 ao xoves 10 de setembro.
- Encontros profesionais: Luns 21, mércores 23, luns 28, mércores 30 setembro e luns 5 de outubro.

**Como asistir?** Os encontros estarán pendurados nas redes sociais do proxecto (@escenanorte) nas datas e horarios indicados.

**Cal é o programa específico?**

### PROGRAMACIÓN ENCONTROS COAS COMPAÑÍAS

- Compañías La Macana e La Quintana Teatro (Galicia): Luns 7 de setembro.
- Compañías Luz, Micro y Punto e ACAR Teatro do Mundo (Asturias): Martes 8 de setembro.
- Compañías Ruido Interno e Hilo Producciones (Cantabria): Mércores 9 de setembro.
- Compañías Dantzaz e Kulunka Teatro (Euskadi): Xoves 10 de setembro.

### PROGRAMACIÓN ENCONTROS PROFESIONAIS

Os encontros contarán coas seguintes temáticas:

- **PROGRAMACIÓN: Retos da programación escénica postCOVID-19, ante un novo paradigma de funcionamento nos espazos escénicos?**

Neste encontro reflexionaremos sobre a programación escénica e os cambios aos que se enfronta na chamada nova normalidade. Como afectarán as medidas hixiénico-sanitarias ao feito escénico? E á relación espazos-público? Espérase un cambio na tipoloxía das programacións? Como afrontar a nivel de xestión cultural o maior cambio nos usos sociais na nosa xeración?

**Convidados/as:**

- Carlos Morán, director do Serantes Kultur Aretoa, Santurtzi (Euskadi).
- Carlos Troyano, programador do Palacio de Festivais de Cantabria (Cantabria).

- Marián Osácar, directora artística de FETÉN e de Danza Xixón (Asturias).
- Marta Núñez, programadora do Auditorio Municipal de Vigo (Galicia).

- **RETOS PARA AS COMPAÑÍAS: A distribución escénica en tempos de pandemia, expansión ou peche dos circuitos?**

A crise provocada polo COVID-19 afectará a todas as etapas da vida dos espectáculos escénicos, tamén á distribución. Pecharanse os circuitos territoriais sobre si mesmos e será cada vez máis complicada a mobilidade? Existirá un proteccionismo das AAPP autonómicas para coa produción dos seus territorios? Como se organizarán as xiras a nivel estatal en zonas máis ou menos afectadas polos gromos da pandemia?

**Convidados/as:**

- Pío Ortiz de Pinedo, Marie de Jongh (Euskadi).
- Patricia Cercas, La Machina Teatro (Cantabria).
- Laura Iglesia, Higiénico Papel Teatro (Asturias).
- Belén Brandido, PistaCatro (Galicia).

- **RETOS PARA AS COMPAÑÍAS: Producción de espectáculos en tempos de COVID-19, cara unha nova forma na dramaturxia e concepción do espazo escénico?**

As medidas de distanciamento interpersonal e uso de máscara son intrinsecamente contraditorias co feito escénico, no que intérpretes e dramaturxia baséanse en moitísimas ocasións no contacto físico e a proximidade, inherente á actuación nun espazo reducido como un escenario. Como afectará este risco ás montaxes escénicas? Veremos cada vez menos contacto físico? Abundarán os espectáculos unipersoais? Será o distanciamento interpersonal a fin do teatro tal e como o coñecemos?

**Convidados/as:**

- Fernando Bernúes, Tanttaka Teatros (Euskadi).
- Anabel Díez, Anabel Díez Teatro (Cantabria).
- Arantxa Fernández Ramos, El Jaleo Producciones Artísticas (Asturias).
- Artur Trillo, Talía Teatro (Galicia).

- **O TECIDO ASOCIATIVO: Traballo durante a época do COVID-19. Resumo, importancia do tecido profesional e perspectivas de futuro.**

Durante as semanas do Estado de Alarma e tamén con posterioridade na época de reactivación da actividade cultural as asociacións profesionais foron un alicerce fundamental na xeración de propostas, estudos de impacto e visión estratéxica de como afrontar esta crise para o noso sector. Como foi o traballo? Que futuro

Ile espera ás asociacións? É posible un traballo habitual man a man coas AAPP a partir de agora?

**Convidados/as** (presidentes/a das asociacións promotoras de Camiño Escena Norte):

- José Antonio Vitoria (Eskena).
- Alicia Trueba (ACEPAE).
- Miguel Quiroga (EscenaAsturias).
- Juan Rodríguez (Escena Galega).

- **A MEDIACIÓN: Importancia da contextualización das programacións, reconexión co público e traballo nos usos socioculturais das artes escénicas.**

Nos últimos anos impúxose como indispensable o traballo de mediación cos públicos nas artes escénicas, unha forma de conectar co espectador/a máis aló da súa visión como consumidor do feito escénico. Que pasará agora? Debemos incidir aínda máis na importancia das artes escénicas máis aló do seu valor cultural? Está o público preparado para volver gozar do teatro e a danza? Como podemos achegar ben social no contexto da nova normalidade desde as artes escénicas profesionais?

**Convidadas:**

- Idoia Ayestaran, creadora e responsable da compañía Panta Rhei e do proxecto sociocultural Bideart (Euskadi).
- Marta Romero, mediadora cultural, danzaterapeuta e responsable de proxectos educativos e de mediación no ámbito da danza (Cantabria).
- Sabela Mendoza Fernández, xestora cultural, co-responsable do programa de mediación 'Cara a unha escena plural', impulsora da plataforma 'De corpos presentes' e produtora da Cía de danza Javier Martín (Galicia).

## ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN ARREDOR DOS ESPECTÁCULOS CONEXIÓN ESCENA NORTE

- **QUITAMIEDOS, de Iñaki Rikarte - Kulunka Teatro (Euskadi). Público adulto.**

**Domingo 13 de setembro.** 18:00 h. Ao remate da función.

- Encontro posfunción co público asistente e a compañía.
- Acompaña: Artur Trillo (Talía Teatro).

- **TAL VEZ SOÑAR, de Sandro Cordero - Hilo Producciones (Cantabria). Público adulto a partir de 15 anos.**

**Domingo 20 de setembro.** 12:00 a 13:30 h ▶ Vestíbulo do Auditorio Municipal Gustavo Freire.

- Obradoiro de contextualización "O universo feminino en Shakespeare".
- Número de asistentes: 25.
- Forma de inscrición: Chamando ao 010 (Concello de Lugo) indicando datos persoais e nome da actividade.
- Calquera tipo de manifestación artística ao longo da historia estivo acaparada polos homes de forma abafadora. Se admitimos como verdade que a arte é un reflexo da sociedade na que se desenvolve, non é menos verdade que esa visión artística foi, excepto en contadísimas ocasións, masculina. Foron os homes os encargados de reflectir as emocións, comportamentos e roles femininos na arte. Se pensamos en calquer gran papel feminino da historia do teatro, sen dúbida, escribiuno un dramaturgo. E Shakespeare ten no seu abeiro uns cantos deses grandes papeis. *Tal vez soñar* é unha análise do universo feminino shakespeareano a través de tres das súas obras: *Hamlet*, *Otelo* e *O mercador de Venecia*.

- **LA LOKA HISTORIA DE FRANKENSTEIN, de Pep Vila, Anacelia Álvarez e Roca Suárez - ACAR Teatro del Mundo (Asturias). Público infantil e familiar.**

**Venres 25 de setembro.** 18:00 h. Ao remate da función.

- Encontro posfunción co público asistente e a compañía.

**Domingo 4 de outubro.** 16:00 a 17:00 h ▶ Vestíbulo do Auditorio Municipal Carmen Estévez.

- Obradoiro de clown en familia sobre o traballo actoral e estética do espectáculo.
- Número de asistentes: 12 unidades familiares.
- Forma de inscrición: No enderezo cultura@vilalba.es ou no 981 510 305, indicando datos persoais e nome da actividade.

- **CELESTE, de Chantal Franco e Patricia Toral - Luz, Micro y Punto (Asturias). Público infantil e familiar.**

**Venres 9 de outubro.** 17:30 a 19:00 h ▶ Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Arzúa.

- Obradoiro de teatro de sombras para desfrutar en familia, como contextualización do espectáculo.
- Número de asistentes: 10.
- Forma de inscrición: No 981 500 222 ou no enderezo cultura@concellodearzu.com, indicando datos persoais e nome da actividade.

- **BASOA - Dantzaz (Euskadi).**  
*Público adulto.*

**Domingo 11 de outubro.** 17:30 a 18:15 h ▶ Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura.

\* A actividade só se levará a cabo en caso de que o espectáculo teña lugar na Cidade da Cultura.

- Ensaio comentado do espectáculo, previo á función.
- A compañía, no proceso de preparación para a función, dará a benvinda ao público asistente, mentres parte do equipo artístico detalla e contextualiza unha parte da historia de Basoa e de Basotik Itsasora, así como do proxecto Larart. Despois da introducción e quentamento o equipo artístico realizará unha posta en lugar, con música, repasando escena por escena, guiando ás persoas asistentes nunha primeira toma de contacto co espectáculo.
- Número de asistentes: Capacidade permitida para a función.
- Forma de inscrición: Ver información detallada en [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com).

## PROXECTO EXPOSITIVO ULTREIA. QUE FOI CAMIÑO ESCENA NORTE 2019?

**Onde?** Espazo expositivo da Biblioteca Pública Ánxel Casal (Santiago de Compostela).

**Cando?** Do luns 14 ao mércores 30 de setembro, en horario de apertura da biblioteca. Información completa en [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com).

## ENCONTRO PROFESIONAL DE ARTES ESCÉNICAS HABITACIÓN PEREGRINA PRO

**Onde?** Centro Cultural Vello Cárcere (Lugo).

**Cando?** Do martes 15 ao xoves 17 de setembro.

**Para quen?** Compañías de artes escénicas e axentes profesionais do sector das CCAA implicadas no proxecto.

**Como asistir?** Información e programa completo en [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com).

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



FINANCIA / FINANTZAILEAK:



COLABORA / LAGUNTZAILEAK:

